

O economista Xavier Lavandeira. // Fdv / RAGC



XAVIER LAVANDEIRA ■ Economista especializado en cambio climático

## “Moitos dos impactos do cambio climático xa están aquí e vanse acrecentar”

“Debemos pensar na adaptación, que terá un componente privado e outro público”

SUSANA REGUEIRA ■ Pontevedra

As consecuencias da pandemia, que supuxo un retroceso no PIB como non se vira dende a postguerra, segundo se puxo de manifesto no ciclo de conferencias Aida Fernández Ríos que celebran a Real Academia de Ciencias e a Deputación, sumáranse nos vindeiros anos un reto igual de insólito na historia: facer fronte ás consecuencias do cambio climático. O programa de charlas contou nestes días, previos ao Día Mundial do Medio Ambiente que se celebrou onte en todo o mundo, co catedrático de Economía Aplicada Xavier Lavandeira, que resposta mediante o correo ás preguntas de FARO.

—Como é previsible que impacte o cambio climático en España?

—España é un país moi vulnerable ao cambio climático porque os impactos físicos están entre os máis relevantes dos países do noso entorno e porque dependemos en grande medida dos servizos ambientais para moitas das nosas actividades: agricultura, pesca, turismo. Entre os impactos sobranceiros o importante aumento de temperaturas en determinadas áreas, con moita preocupación por eventos extremos, unha maior escaseza de auga e por tanto fenómenos de desertización, e suba do nivel do mar e afectación a usos diversos.

—¿É certo que somos unha das rexións do mundo que resultará máis afectada?

—Si, en moitos indicadores de impacto e vulnerabilidade estamos entre os países que abren a listaxe.

### FICHA PERSONAL

■ Xavier Lavandeira Villot (Vigo, 1967) é economista e investigador especializado en cambio climático. Catedrático de Economía na Universidade de Vigo, dirixe Economics for Energy, un centro de investigación adicado ás cuestións enerxéticas.

—¿Que medidas deberíamos implantar xa para facer fronte ao problema?

—Moitos dos impactos, desgraciadamente, están a producirse e aumentarán nas próximas décadas, así que debemos pensar na adaptación.

Adaptación que terá un compoñente privado, en forma de cambios de actuacións e/ou equipamento de empresas e cidadáns para evitar os efectos adversos, e tamén público, como infraestruturas para a protección de zonas costeiras. Pero teremos que realizar, simultaneamente, políticas de redución das emisións dos gases contaminantes que causan o cambio climático para así evitar que os impactos sigan crescendo. Estas políticas de redución cóñécense habitualmente como medidas de mitigación do cambio climático.

—¿Están sendo eficientes as políticas públicas?

—Eu creo que os problemas das nosas políticas públicas non é a súa ineficiencia senón que non contan coa intensidade necesaria para im-

pulsar o grande cambio necesario para mitigar o cambio climático. A nivel global desde logo este é o caso, pero incluso nun dos territorios con políticas máis ambiciosas, como a Unión Europea, a situación está lonxe de ser a requerida para o grande desafío ao que nos enfrentamos.

—¿Está preparada Galicia para este desafío?

—Galiza comparte os problemas que mencionei con anterioridade e non conta, a día de hoxe, con ferramentas suficientes para a adaptación e mitigación do cambio climático. Deberíamos resolver esta situación non só porque o noso país non sería o mesmo sen un clima tan benigno que fai posible moitas actividades socio-económicas de grande valor, tamén porque contamos con moitos recursos naturais, auga, vento e sol, que fan totalmente viable que teñamos un sistema que non dependa dos combustibles fósiles nun prazo curto de tempo.

—¿Que pode facer este país para afrontar este problema?

—As nosas accións teñen que centrarse na adaptación das nosas actividades primarias e infraestruturas, como apuntei con anterioridade, e tamén na redución das nosas emisións. Para iso debemos seguir instalando máis capacidades renovables e actuar decisivamente na eficiencia enerxética. Isto demandará, por suposto, actuación das administracións que operan no noso país, desde a europea até a municipal, pero tamén precisaremos dunha actuación proactiva por parte do mundo empresarial para que sexa posible ese proceso de substitución, nun prazo curto, daquelas tecnoloxías que xeran cambio climático por alternativas sostibles. E, por suposto, os cidadáns deben contribuir tamén á solución mediante mudanzas nos seus hábitos e decisións de compra e investimento.

—¿Confía na acción internacional e en xeral en que colectivamente afrontaremos con éxito o problema?

—Desafortunadamente os sistemas de concertación internacional cos que contamos, nomeadamente o Acordo de París, teñen un carácter voluntarista que dificulta a progresión rápida e decidida que precisamos para resolver este problema. Probablemente temos optado pola alternativa capaz de acadar amplos consensos entre os gobernos do planeta, o que supón un avance considerable sobre a situación de partida, pero que é insuficiente para abordar axeitadamente este problema.

## Regresan las salidas a bosques y las rutas ornitológicas para conectar con la naturaleza

La Diputación ofertará 700 plazas para ambos programas ambientales

REDACCIÓN ■ Pontevedra

Coincidiendo con el Día Mundial del Medio Ambiente, la Diputación de Pontevedra anuncia varias actividades para animar a la ciudadanía a “reconectar” con la naturaleza. Con esta idea, regresan los “Bosques Terapéuticos” y las rutas ornitológicas “Voando nas Rías Baixas”.

El programa dedicado a los bosques ofertará 600 prazas para que todos los interesados puedan visitar nueve espacios da provincia de singular valor ecológico (maduros, con gran diversidade de especies, pouco intervenidos por la mano del hombre etc) en los que realizar una

inmersión y pasar una jornada saludable.

Por su parte, “Voando nas Rías Baixas”, propondrá cinco rutas ornitológicas con 100 prazas. En este caso el objetivo es que los participantes se aproximen a la gran riqueza de la fauna de las Rías Baixas y a los mejores lugares de observación.



Avistamiento de aves en las salinas do Ulló, en Vilaboa. // G. Santos